

**ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO  
CONCELLO DE FERROL  
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O pleno do concello de Ferrol en sesión realizada o día 29 de abril de 2009 aprobou a Ordenanza reguladora do Servizo de Axuda no Fogar e na sesión do día 27 de maio de 2010 aprobou unha modificación de dita Ordenanza.

O Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento establece novas regras de cálculo para o copagamento dos servizos sociais, concretamente no servizo de axuda no fogar para persoas en situación de dependencia que teñen o dereito de atención recoñecido, establécese un copagamento directamente vinculado á capacidade económica das persoas. Así mesmo regula as regras para o establecemento da participación económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar de carácter básico. O artigo 8.f nas funcións dos servizos sociais comunitarios básicos está a xestión do servizo de axuda no fogar así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte aplicable. No artigo 9.1.b di que o servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no seu medio habitual, especialmente naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía ou noutras situacións de risco social para as cales resulte un recurso idóneo. A sección 3ª dedícase en particular ao servizo de axuda no fogar. O artigo 59 se ocupa da determinación da capacidade económica das persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido e o artigo 62 fai referencia á participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos sociais comunitarios no que se aplique o copagamento.

A disposición derradeira primeira do Decreto 99/2012, de 16 de marzo recolle que as corporacións locais disporán dun prazo de dezaioito meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, para a adaptación das súas ordenanzas municipais ao disposto neste Decreto.

O servizo de axuda no fogar constitúe unha prestación básica dos servizos sociais comunitarios. Ten como obxectivos básicos os de manter ás persoas no seu medio convivencial habitual e favorecer o incremento da autonomía persoal.

A lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local nos artigos 25.2K e 26.1.c atribúe competencias aos concellos en materia de prestación de servizos sociais.

A Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, nos artigos 80.K e 81.c sinala entre as competencias propias dos municipios a prestación de servizos sociais.

A lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia no artigo 12.1 fai referencia á participación das Entidades Locais na participación da xestión dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia. No artigo 15.1.c. no catálogo de servizos sociais de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia se cita o servizo de axuda no fogar e no artigo 23 se define dito servizo como o conxunto de actuacións levadas a cabo no domicilio das persoas en situación de dependencia co fin de atender ás súas necesidades básicas da vida diaria.

A lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia no artigo 20.d define a axuda no fogar como aquel servizo ou actuación consistente en ofrecerlle un conxunto de atencións a persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual. No artigo 61 recolle que

todos os concellos de Galicia asegurarán, como mínimo, a prestación de servizos sociais comunitarios básicos de titularidade municipal.

A Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar. Os preceptos desta normativa manteñen a súa vixencia agás os artigos 13.1; 17, 18 e punto primeiro da disposición transitoria segunda que quedan derogados na disposición derogatoria segunda do Decreto 99/2012, de 16 de marzo.

Decreto 254/2011, do 23 de decembro polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

En consecuencia do anterior e para adaptarse fundamentalmente ao Decreto 99/2012, do 16 de marzo, dispónse modificar a Ordenanza Reguladora do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Ferrol que quedará redactada da seguinte maneira:

## CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

### **Artigo 1.-**

O obxecto desta Ordenanza é a regulación, como servizo público, do servizo de axuda no fogar (en adiante SAF) no concello de Ferrol

### **Artigo 2.- Ámbito de aplicación.-**

O establecido nesta Ordenanza é de aplicación a todos os programas de axuda no fogar que se desenvolvan no término municipal de Ferrol.

### **Artigo 3.- Natureza, definición e obxectivos.-**

O SAF é un servizo público de carácter local consistente en ofrecer un conxunto de atencións a persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, desde unha perspectiva integral, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual.

O SAF poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular o servizo atenderá ás persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

Os obxectivos do SAF son:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias posibilitando a permanencia no seu contorno habitual de convivencia
- b) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio
- d) Retardar ou evitar a institucionalización
- e) Atender situacións puntuais de crise persoal ou familiar que afecten á autonomía
- f) Proporcionar períodos de descanso á/ao coidadora/or habitual

### **Artigo 4.- Contido do servizo de axuda no fogar.-**

De conformidade coa valoración técnica realizada polos servizos sociais para cada caso, poderán prestarse os seguintes tipos de atención:

- a) atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria no propio domicilio
- b) atencións das necesidades de carácter doméstico e da vivenda que incidan e axuden na mellora do contorno das persoas usuarias e da súa familia: limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda, compra de alimentos e doutros produtos de uso

común, preparación dos alimentos, lavado e coidado das prendas de vestir, coidados básicos da vivenda.

c) Acompañamento persoal na realización doutras actividades básicas da vida diaria tales como trámites urxentes ou visitas médicas.

En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

–as actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo do servizo

–as actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban ser realizadas por persoal facultativo.

#### **Artigo 5.- Persoas destinatarias.-**

De acordo co establecido no artigo 5 da Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, o servizo estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá ás persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato así como os fogares con menores en que se observe necesidade dunha intervención. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social. En todo caso darase prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

#### **Artigo 6.- Dereitos das persoas usuarias**

As persoas usuarias do servizo no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

- a) a seren tratadas con respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía
- b) a accederen e utilizaren os servizos en condicións de igualdade e non discriminación
- c) a recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.
- d) a recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios.
- e) a coñecer a organización e o regulamento do servizo
- f) a coñecer a situación do seu expediente
- g) a teren asignado/a un/unha profesional de referencia que actúe como interlocutor/a principal e que asegure a coherencia da intervención
- h) ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal
- i) á calidade dos servizos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo
- j) ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade dos servizos sociais comunitarios desde a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

#### **Artigo 7.- Deberes das persoas usuarias.-**

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se establecen no artigo 7 da lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e se é o caso na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

- a) cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e pondo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.

- b) facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e xestión do servizo
- c) respectar a dignidade persoal e profesional das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais
- d) Comunicar ao persoal de referencia os cambios das circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideran resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.
- e) participar no pagamento dos servizos nos termos que se estableza na súa normativa reguladora
- f) comunicar con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución do servizo.

#### **Artículo 8.- Causas de denegación.-**

A denegación da solicitude procederá por algunha das seguintes causas:

- Non cumprir os requisitos esixidos
- Poder satisfacer axeitadamente as súas necesidades por si mesmo/a e/ou co apoio dos seus familiares ate o terceiro grao por consanguinidade ou afinidade.
- Non aceptar o copago do servizo
- Calquera outra causa debidamente motivada

#### **Artículo 9.- Causas de extinción e modificación do servizo.-**

- a) A renuncia da persoa usuaria
- b) O cambio do programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar
- c) Traslado definitivo da súa residencia a outro concello
- d) Falecemento da persoa usuaria
- e) Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo
- f) A falta reiterada de pagamento do servizo
- g) Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar asignado a persoas en situación de dependencia na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, a incoación, por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificacións das condicións de prestación do servizo deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

#### **Artículo 10.- Causas de suspensión temporal do servizo.-**

Son causas de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

10.1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de 3 meses, debendo acreditar as causas que motivan a súa ausencia.

10.2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causantes da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do

sistema de autonomía e atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

## CAPÍTULO II: DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

### SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓNS COMÚNS

#### **Artigo 11.- Formas de prestación do servizo.-**

11.1 O concello de Ferrol prestará o servizo público de axuda no fogar, ben directamente ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos reguladas na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

11.2 As entidades privadas non poderán subcontratar a execución da prestación principal do servizo de axuda no fogar, entendendo por tal as atencións de carácter básico, regular e continuado, realizadas no fogar da persoa ou unidade de convivencia usuaria do servizo. Non obstante, poderanse subcontratar prestacións complementarias do servizo, así como as que non teñan carácter regular, as que se poidan executar fóra do domicilio ou sexan un reforzo das atencións básicas.

#### **Artigo 12.- Requisitos específicos**

12.1 O servizo estará coordinado por persoal técnico cunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais.

12.2 Será requisito que o persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estea en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real Decreto 496/2003, do 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

12.3 O concello contará e expoñerá publicamente o regulamento de funcionamento do servizo de axuda no fogar

12.4 O servizo terá unha coordinación permanente, interna cos outros profesionais de Servizos Sociais e externa coas empresas que teñen adxudicado o servizo.

12.5 Unha vez iniciado o servizo de axuda no fogar a persoa que exerza como responsable técnica garantirá unha supervisión do servizo efectivamente prestado que será realizada sempre que as circunstancias o fagan necesaria e, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses. Os seguimentos realizados polos coordinadores das empresas adxudicatarias de axuda no fogar se fará nos domicilios das persoas usuarias.

12.6 O concello abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que se presta o servizo, no cal constará, cando menos: Informe Social, acordo do servizo, proxecto de intervención, informes de seguimento, consentimento informado. O tratamento da información contida nos expedientes realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

### SECCIÓN 2ª. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO POLAS ENTIDADES LOCAIS

#### **Artigo 13.- Modalidades de acceso ao servizo, organización e procedemento**

13.1 O acceso será prioritario e directo para persoas ás cales, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución do programa individual de atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e

funcionamento dos órganos técnicos competentes. Para estes efectos o concello de Ferrol, cando sexa o caso, procederá a dar de alta ás persoas en agarda de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos sen que sexa necesario acordo do órgano do concello de Ferrol.

13.2 Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación establecido regulamentariamente, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia resolverase en réxime de libre concorrancia en aplicación dun baremo público. Anexo I

a) O procedemento iniciárase por instancia de parte, de conformidade cos principios xerais recollidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións e do procedemento administrativo común, e co baremo que se establece nesta Ordenanza.

b) Cando circunstancias debidamente acreditadas no expediente así o xustifiquen, o procedemento de acceso ao servizo poderá iniciarse de oficio.

c) As solicitudes dos particulares para acceder ao servizo deberán ser valoradas en todo caso por un traballador/a social ou en circunstancias excepcionais polo profesional técnico de referencia dos servizos sociais de atención primaria do concello que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria determinará, mediante informe preceptivo, a idoneidade do servizo así como a intensidade recomendable para cada caso concreto.

d) O órgano competente para ditar a resolución será o alcalde/alcaldesa quen pode delegar esta competencia de conformidade co disposto no artigo 21.3º da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local.

e) Unha vez notificada a resolución de concesión do servizo, deberán acordarse, entre os servizos sociais de atención primaria do concello e a persoa usuaria, as condicións básicas da prestación que se substanciarán no contrato ou acordo regulador do servizo.

f) No caso de extrema e urxente necesidade debidamente xustificada, mediante resolución motivada do alcalde ou membro da corporación local responsable en materia de servizos sociais, poderase iniciar de oficio a prestación do servizo de maneira inmediata, por proposta dos servizos sociais do concello e sen prexuízo da posterior instrución do correspondente expediente.

g) Na prestación do servizo, ademais do persoal profesional, poderá colaborar persoal voluntario baixo a supervisión técnica dos servizos sociais do concello. Para estes efectos estarase ao previsto na lexislación en vigor de voluntariado.

h) No caso de tratarse de intervencións de carácter psicosocial e educativo subsidiarias dun programa de educación e apoio familiar, deberán incorporarse ao procedemento outras figuras profesionais dos servizos sociais do concello de Ferrol.

#### **Artigo 14.- Requisitos**

Para solicitar o servizo de axuda no fogar no procedemento de libre concorrancia será necesario reunir os seguintes requisitos:

- Estar empadroad/a no concello de Ferrol e ter residencia efectiva no mesmo
- Aportar toda a documentación esixida no momento da solicitude
- Ser valorado como recurso idóneo a aplicar polo persoal técnico dos servizos sociais municipais

#### **Artículo 15.- Documentación**

As solicitudes presentaranse no modelo normalizado do concello ( Anexo IV) acompañando a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI/NIE da/o beneficiario/a e da persoa solicitante
- Fotocopia do libro de familia no caso de que se trate de menores de idade
- Fotocopia da tarxeta sanitaria

- Informe das condicións de saúde, facendo mención das medidas preventivas a ter en conta, de ser o caso.

- Xustificante dos ingresos de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considerase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas (rendementos do traballo, rendementos do capital, rendementos das actividades económicas, ganancias e perdas patrimoniais, imputacións de renda que se establezan por lei). Deberá achegar:

- ✓Certificado de pensión do Organismo Competente

- ✓Fotocopia da declaración da renda ou declaración xurada de non ter obriga de facela

- ✓Certificado do Servizo público de emprego acreditativa de estar en situación de desemprego e de percepción ou non de prestacións.

- ✓Xustificante das percepcións doutras prestacións sociais, de ser o caso

- ✓Impreso de domiciliación bancaria, de ser o caso

- ✓Autorización ao concello de Ferrol a solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria información de natureza tributaria

- Declaración de Patrimonio. Computarase o patrimonio neto de todas as partes residentes na unidade de convivencia consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, e tendo en conta as excepcións que prevé a dita lei ao respecto da vivenda habitual. Deberá achegar Declaración de Patrimonio, certificado da Consellería de Economía e Facenda. Autorizará ao concello de Ferrol a solicitar á Consellería de Economía e Facenda información de dita natureza.

- As persoas que teñan recoñecida unha discapacidade física, psíquica ou sensorial presentarán o certificado do organismo público onde se recoñeza a citada discapacidade. Con independencia desta documentación o concello poderá esixir os documentos complementarios que, durante a tramitación do expediente, estime oportunos en relación coa presentación solicitada.

O persoal de Servizos Sociais municipais recabará de oficio, por si mesma ou a través doutras instancias, información relativa ao cumprimento dos requisitos de empadramento e doutros indispensables e non suficientemente acreditados.

O concello de Ferrol se reserva as actividades de verificación que estime convenientes sobre os datos achegados e relacionados co servizo que se solicita.

#### **Artigo 16.- Forma e lugar de presentación das solicitudes e subsanación**

As solicitudes se presentaran no rexistro municipal do concello de Ferrol no modelo normalizado que a tal fin ten, xunto con toda a documentación sinalada no artigo 15.

O prazo está aberto durante todo o ano

Se á solicitude non acompañase algún dos documentos esixidos requirirase ao interesado/a para que no prazo de 10 días emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que se non o fixera, teráselle por desistido da súa petición previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da lei 4/1999, de modificación da lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### **Artigo 17.- Resolucións**

A resolución corresponderá ao alcalde e por delegación ao concelleiro/a delegado/a de Benestar Social.

O prazo de dita resolución será de tres meses. Transcorrido dito prazo, a contar desde o día seguinte ao que fora completada a documentación preceptiva, sen formalizarse dita resolución, a persoa interesada deberá entender denegada a súa solicitude.

Unha vez aprobada a concesión e existindo dispoñibilidade de praza no servizo de axuda no fogar, notificarase á persoa interesada e á entidade prestadora do servizo.

En caso de ausencia de prazas a solicitude valorada pasará a unha lista de agarda que se ordenará segundo a puntuación obtida e terá unha vixencia trimestral. O SAF libre concorrència é unha prestación económica **non garantizable**, é dicir, **non é esixible**, para todos/as os/as cidadáns senón que está en función de cumprir uns requisitos/baremo e da dispoñibilidade presupostaria do concello de Ferrol.

En caso de empate da puntuación atenderase por orde dos seguintes criterios: Dependencia valorada sen praza en axuda no fogar e puntuación de ATP; inexistencia de rede familiar e social; maior idade.

### **Artigo 18.- Desenvolvemento na prestación do servizo**

O acceso é prioritario e directo para as persoas que tendo recoñecida a situación de dependencia se lles asigna a axuda no fogar na correspondente resolución do programa individual de atención , e consonte o programa de asignación de recursos establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro. A alta ás persoas en agarda se fará de acordo coa orde de prelación establecida no dito programa e segundo as horas que teña asignadas o concello de Ferrol.

O concello designará a persoa profesional de referencia que levará ao seu cargo o expediente das persoas que teñen asignado o servizo de axuda no fogar tanto na modalidade de prestación básica como de dependencia. O/a coordinador/a do servizo de axuda no fogar será un profesional dos servizos sociais do concello de Ferrol cunha cualificación mínima de diplomado/a en traballo social .

O concello abrirá un expediente por cada persoa usuaria no que constará: a resolución de concesión do programa individual de atención para as persoas que teñen recoñecida a situación de dependencia; o acordo do órgano competente nos supostos de libre concorrència; o informe social; o acordo do servizo, o proxecto de intervención e a orde de domiciliación bancaria, de selo caso.

O profesional de referencia e a persoa usuaria/gardador de feito/representante legal acordarán as condicións básicas do servizo.

Asinarase un acordo de servizo entre a persoa usuaria e a entidade titular, no cal se recollerá o contido particular das atencións que se prestarán, a programación temporal da prestación, a intensidade horaria e os compromisos de ambas partes, incluíndo o compromiso de copagamento que corresponda (Anexo II)

O proxecto de intervención recollerá os días de atención, o número de horas mensuais de prestación, o horario, a identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, os obxectivos, as tarefas a desenvolver no domicilio. (Anexo III)

A metodoloxía será: Determinación de tarefas e periodicidade, sinatura de acordo e elaboración proxecto intervención, presentación responsable da empresa/entidade adxudicataria do SAF á persoa usuaria e ás persoas da unidade de convivencia e presentación do persoal de atención directa responsable da execución do servizo e seguimentos sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, bimensuais.

O copagamento se fará polas horas efectivamente prestadas sempre que a persoa usuaria ou a súa familia comunique a ausencia do domicilio cunha antelación mínima de dous días. No suposto de non recibir comunicación da suspensión temporal, se computaran as horas como se fosen realizadas.

Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición, para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do caso, segundo



establece o artigo 6.i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

### **Artigo 19.- Intensidade na prestación do servizo**

1.- A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas segundo as necesidades da persoa usuaria e do criterio técnico do profesional de referencia.

2.-A intensidade do servizo de axuda no fogar para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención/na lista PAR de SAF. A súa aplicación será flexible e conforme co proxecto de intervención, de maneira que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria relacionadas no artigo 4 desta orde, todos os días da semana.

3.- Nos restantes casos a intensidade do servizo virá determinada na prescrición efectuada polo persoal técnico de servizos sociais do concello e terá unha duración máxima de 40 horas mensuais de atención de luns a venres, non superando dúas horas/día salvo prescrición motivada que deberá constar no expediente e no proxecto de intervención.

### **Artigo 20.- Determinación da capacidade económica do sistema de atención a usuarios da dependencia**

1. A capacidade económica das persoas dependentes valoradas con dereito recoñecido de atención mediante o servizo de axuda no fogar calcularase en atención á súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, a renda e patrimonio do cónxuxe e a existencia de persoas conviventes economicamente dependentes. Para o cálculo da citada capacidade económica observaranse os criterios e regras dispostos na Resolución do 2 de decembro de 2008 da Secretaría de Estado de Políticas Sociais, Familia e Atención á dependencia e á Discapacidade, pola que se publica o acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía Persoal e Atención á Dependencia, sobre determinación da capacidade económica do beneficiario e sobre os criterios de participación deste nas prestacións do dito sistema, así como as normas regulamentarias promulgadas pola Xunta de Galicia que incorporen aquelas regras ao sistema galego de servizos sociais.

2.O resultado do cálculo da capacidade económica correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar constará na resolución do programa individualizado de atención que se desenvolva en cada caso de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

### **Artigo 21.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento.**

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica se fará de acordo con seguintes criterios:

a)Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considerarase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro,

do imposto sobre a renda das persoas físicas.

b) Computarase así mesmo o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para este efectos enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

c) A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar

**Artigo 22.- Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar**

1.- No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2.- Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado.

Grao I	Grao II	Grao III
--------	---------	----------

Capacidade económica (referida ó IPREM)	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II
	20 h	30 h	40 h	55 h	70 h	90 h
≤ ó 100%IPREM	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
> do 100% e ≤ do 115% do IPREM	4,52%	6,56%	8,59%	11,42%	14,47%	18,09%
> do 115% e ≤ do 125% do IPREM	5,41%	7,84%	10,28%	13,66%	17,31%	21,64%
> do 125% e ≤ do 150% do IPREM	5,55%	8,05%	10,54%	14,01%	17,76%	22,19%
> do 150% e ≤ do 175% do IPREM	5,65%	8,19%	10,73%	14,26%	18,07%	22,59%
> do 175% e ≤ do 200% do IPREM	5,72%	8,30%	10,87%	14,45%	18,31%	22,89%
> do 200% e ≤ do 215% do IPREM	5,81%	8,42%	11,03%	14,66%	18,58%	23,23%
> do 215% e ≤ do 250% do IPREM	6,03%	8,75%	11,46%	15,24%	19,31%	24,14%
> do 250% e ≤ do 300% do IPREM	6,24%	9,05%	11,86%	15,76%	19,97%	24,97%
> do 300% e ≤ do 350% do IPREM	6,42%	9,30%	12,19%	16,20%	20,53%	25,66%
> do 350% e ≤ do 400% do IPREM	6,54%	9,48%	12,42%	16,51%	20,93%	26,16%
> do 400% e ≤ do 450% do IPREM	6,63%	9,62%	12,60%	16,75%	21,22%	26,53%
> do 450% e ≤ do 500% do IPREM	6,70%	9,72%	12,74%	16,93%	21,45%	26,82%
Superior ó 500% do IPREM	6,76%	9,80%	12,84%	17,07%	21,63%	27,04%

3.- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4.- En ningún caso o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de pagamento, poderá exceder o 65% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

### **Artigo 23.- Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento**

Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrência, e calquera outro servizo complementario para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 21 desta ordenanza.

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custo do servizo
Menor do 0,80 do IPREM	0,00%
Maior do 0,80 do IPREM e menor ou igual a 1,50 IPREM	20,00%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2 IPREM	40,00%
Maior de 2 e menor ou igual a 2,5 IPREM	60,00%
Maior de 2,5 IPREM	80,00%

Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar ou servizos complementarios sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe e aprobada polo órgano competente.

Se establece un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

En ningún caso se aplicará o copagamento nos seguintes casos:

- Programa de valoración, orientación e información
- Servizo de educación e apoio familiar
- Programa básico de inserción social

### **Artigo 24.- Afectación dos ingresos municipais polo copagamento destes servizos**

De conformidade co artigo 56.7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso os ingresos que recaden as corporacións locais de Galicia en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios estarán afectados ao financiamento dos servizos que reciban.

### **Artigo 25.- Protección de datos de carácter persoal**

O uso e xestión dos ficheiros automatizados derivados deste Servizo se encontran suxeitos á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal. Non será preciso o consentimento do/a interesado/a para a cesión dos datos dos ficheiros cando estes se deriven do Contrato que o concello de Ferrol ten coas empresas que executan o servizo de Axuda no Fogar.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA**

Delégase na Xunta de Goberno local a facultade de interpretar e aplicar as disposicións contidas nesta ordenanza así como a redacción das instrucións que foran necesarias para a súa correcta interpretación.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA**

O SAF no Concello de Ferrol adaptarase en todo momento á normativa estatal e autonómica vixente sobre o Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia.

#### **DISPOSICIÓN DEROGATORIA**

Queda derrogada a Ordenanza Municipal reguladora do SAF publicada no BOP de A Coruña número 173 do día 5 de agosto de 2009 e número 137 do día 21 de xullo de 2010

#### **DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

A tenor do disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local a presente Ordenanza entrará en vigor aos 15 días seguintes á publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Ferrol  
O alcalde-presidente

Asdo.: José Manuel Rey Varela

ANEXO I  
BAREMO PARA DETERMINAR A ASIGNACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO  
FOGAR EN REXIME DE LIBRE CONCORRENCIA

**Factor 1: Autonomía persoal (máximo 40 puntos)**

O valor asignado en función da falta de autonomía das persoas será o que deduza da valoración realizada polos órganos oficiais competentes para a valoración da discapacidade e do grao de dependencia. As persoas dependentes valoradas que, polo calendario oficial de implantación, teñan dereito á prestación pola vía de acceso directo do sistema de dependencia non poderán acceder polo sistema de libre concorrència.

A asignación de valor en función do factor autonomía persoal realizarase de acordo coa seguinte táboa:

Táboa de equivalencia para a valoración do nivel de autonomía persoal										
Falta de autonomía pero dependente e valoración	Do 33% ao 64% de discapacidade	Do 65% ao 74% de discapacidade	Do 75% ao 100% de discapacidade		81%-87%		88%-93%		94%-100%	Grao discapacidade >18 sen valoración ATP ou BVD
			75%-100% discapacidade e ate 14 pts ATP		75%-100% discapacidade e 30-40 pts ATP		75%-100% discapacidade e 30-44 pts de ATP		75%-100% discapacidade e 45-72pts ATP	Grao discapacidade +ATP
			75% discapacidade e ate 24 pts BVD	25-39 pts BVD	40-49 pts de BVD	50-64 pts BVD	65-74 pts BVD	75-89pts BVD	90-100 pts BVD	Grao discapacidade +axuda 3ªpers puntuación BVD
				Grao I	Grao I	Grao II	Grao II	Grao III	Grao III	Situación dependencia
5 puntos	5 puntos	10 puntos	14 puntos	20puntos	24 puntos	30puntos	32puntos	38puntos	40puntos	Puntuación nivel autonomía persoal

Total puntos autonomía persoal	
--------------------------------	--

**Factor 2: Apoio Social (máximo 20 puntos)**

A persoa vive soa e carece de familiares e/ou redes distintas de apoio (20 puntos)		puntos
A persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio do contorno veciñal ou outras redes (18 puntos)		puntos
A persoa convive con persoa sen capacidade para atendelo/a (ate 12 puntos)	Cunha persoa maior de 70 anos (3 puntos)	puntos
	Cunha persoa con discapacidade ou dependencia (3 puntos)	puntos
	Cunha persoa que carece de tempo (3 puntos)	puntos
	Con incapacidade para organizarse (3 puntos)	puntos
	Total convivencia	puntos
Os familiares néganse a atendelo/a aínda que teñan posibilidades (8 puntos)		puntos
Vive só/soa pero hai familiares con posibilidade de atendelos no mesmo concello ou a menos de 20 Km (5 puntos)		puntos
Está ben atendido (0 puntos)		puntos

Total puntos apoio social	
---------------------------	--

**Factor 3: situación familiar/socialización menores (máximo total 20 puntos)**

3.1. Conflicto (Máximo 4 puntos)	puntos
Cun membro xerador de conflito a nivel moderado (1 punto)	
Cun membro xerador de conflito a nivel grave (2 puntos)	
Con máis dun membro xerador de conflito a nivel moderado (3 puntos)	
Con máis dun membro xerador de conflito a nivel grave (4 puntos)	
3.2. Limitacións de rol (Máximo 2 puntos)	puntos
Familias en que ambos proxenitores ou titores teñan importantes	os

limitacións físicas ou psíquicas para proporcionar unha axeitada atención ós menores (2 puntos)	
---	--

3.3. Monoparentalidade (Máximo 2 puntos)	puntos
Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada...) non poidan atender aos menores	

3.4. Habilidades parentais (Máximo 2 puntos)	puntos
Familias con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, aseo persoal, administración do orzamento, ausencia de roles, organización...)	

3.5. Número de menores (Máximo 10 puntos)	puntos
Un menor (3 puntos)	
Dous menores (5 puntos)	
Tres menores (7 puntos)	
Catro ou máis menores (10 puntos)	

Total puntos Situación familiar/Socialización menores	puntos
---	--------

**Factor 4: outros aspectos sociais (máximo total 20 puntos)**

4.1. Vivenda (Total 10 puntos)	puntos
Non reúne condicións mínimas de hixiene/habitabilidade : luz eléctrica, auga corrente, wc, neveira, quentador, lavadora...(8 puntos)	
Existen barreiras arquitectónicas no interior da vivenda (1 puntos)	
Existen barreiras arquitectónicas no exterior da vivenda (1 puntos)	

4.2. Integración no contorno (total 10 puntos)	puntos
Situación de illamento ou de rexeitamento (10 puntos)	
Ausencia de relacións sociais (6 puntos)	
Existen escasas relacións coas persoas do contorno (4 puntos)	
Integración axeitada no contorno (0 puntos)	

Total puntos outros aspectos sociais	puntos
--------------------------------------	--------

<b>Total xeral</b>	<b>puntos</b>
--------------------	---------------



ANEXO II

Apelidos e nome da persoa dependente

.....

**SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

**Acordo de Servizo**

Reunidos en Ferrol o día

dunha parte don/dona

con DNI

E doutra

en calidade de Traballador/a Social da UBTS ou Técnica/o responsable do servizo de axuda no fogar

**ACORDAN:**

1. Que o Concello de Ferrol, prestará o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), á persoa arriba citada, dende o día
2. Que a prestación do Servizo de Axuda no Fogar se realizará por un prazo de \_\_\_\_\_ con posibilidade de prórroga segundo valoración técnica do departamento de Benestar Social
3. Que o SAF se levará a cabo os días da semana e no horario que se sinala de seguido:

Luns	Martes	Mercores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo

Número de horas mensuais:

4. Que atendendo á Orde do 22 de xaneiro de 2009, que regula o Servizo de Axuda no Fogar, o Decreto 99/21012, do 16 de marzo e a Resolución de 13 de xullo de 2012, a Ordenanza Municipal Reguladora do servizo público de Axuda no Fogar , así como á Ordenanza Fiscal reguladora da taxa, e á aplicación do baremo que corresponde, a persoa que asina este acordo comprométese a aportar euros mensuais como contribución ao custe do servizo. A tarifa aplicable logo da aplicación do baremo é:

A)Lei de dependencia:

Porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria	Número de horas de servizo	Total

B)Libre concorrencia:

Tarifa 0	Tarifa1	Tarifa 2	Tarifa 3	Tarifa 4

5. Que a persoa usuaria acepta domiciliar o abono da taxa do SAF establecido no punto 4º, na entidade bancaria da súa elección, no número de conta autorizada para tal efecto.
6. Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:

Atencións de carácter persoal

Atencións de carácter apoio psicosocial e educativo

Atencións de carácter doméstico

Atencións de carácter técnico e complementario

---

7. Que as tarefas que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF, e que serán levadas a cabo polo persoal auxiliar do servizo serán as seguintes:

Limpeza da vivenda

Lavado, repasado e pasar o ferro á roupa

Realización de compras domésticas

Cociñado de alimentos

Aseo persoal: cambiar a roupa, lavar o cabelo, aseo do corpo, votar cremas, etc.

Axuda e apoio na mobilización na casa: levantar e deitar, inxestión de alimentos, etc.

Compañía en traslados fora do domicilio.

Xestións varias.

8. Que, así mesmo, a persoa usuaria, a súa familia ou persoas achegadas se comprometen a levar a cabo as seguintes tarefas:
9. Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo, deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF, sendo anexadas ao acordo orixinal.

10. Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar, no Decreto 99/2012, do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, na Resolución de 13 de xullo de 2012 da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade e na ordenanza municipal sobre o SAF, onde están recollidas os dereitos e obrigas da persoa usuaria, baixas temporais e causas de extinción.

Ambas partes dan a súa conformidade ó presente acordo de prestación do SAF, e o asinan

En Ferrol a

A persoa usuaria ou gardador/a de feito responsable

O/A técnico/a

ANEXO III  
Servizo de Axuda no Fogar  
Proxecto de Intervención

1. Datos de identificación do expediente:

Expediente SIUSS	Nº de intervención	Data de solicitude	Data de inicio

Sector de referencia	Ámbito de atención	Número total de usuarios/as

Nome e apelidos	
Data de nacemento	
DNI	
Sexo	
Estado civil	

Proxecto	Data do proxecto	Data do fin do proxecto

Antecedentes relevantes:

2. Atención que se prestará:

Días da semana:

L	M	X	J	V	S	D	Nº horas semana	Horario

Perfil dos/as profesionais:
Tipo de servizo a prestar:
Outros servizos:

3. Existencia doutros servizos/apoios prestados a domicilio:

Servizos	Describir	Nº horas semanais
Apoios	Describir	Nº horas semanais

4. Obxectivos específicos e tarefas que se propoñen:

Obxectivos	
Tarefas	

5. Periodicidade do seguimento (mínimo bimensual):

Información do/a auxiliar de axuda no fogar	
Información da persoa beneficiaria	
Información da familia	

Técnico/a responsable

**Asdo.:**

SOLICITUDE DE AXUDA NO FOGAR

Apelidos e Nome:

DNI/NIE/Pasaporte:

Enderezo:

Teléfono:

Correo electrónico:

Data de Nacemento:

Convivencia:

Tarxeta sanitaria, número e entidade:

Persoa que asina a solicitude e relación coa persoa solicitante do servizo:

Esta solicitude vai acompañada dos seguintes documentos de conformidade co recollido na Ordenanza Reguladora do servizo público de axuda no fogar do concello de Ferrol e Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo público de axuda no fogar :

As solicitudes presentaranse no modelo normalizado do concello acompañando a seguinte documentación:

11. Fotocopia do DNI/NIE da/o beneficiario/a e da persoa solicitante
12. Fotocopia do libro de familia no caso de que se trate de menores de idade
13. Fotocopia da tarxeta sanitaria
14. Informe das condicións de saúde, facendo mención das medidas preventivas a ter en conta, de ser o caso.
15. Xustificante dos ingresos de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considerase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas (rendimentos do traballo, rendimentos

do capital, rendimentos das actividades económicas, ganancias e pérdidas patrimoniais, imputacións de renda que se establezan por lei). Deberá achegar:

- ✓ Certificado de pensión do Organismo Competente
- ✓ Fotocopia da declaración da renda ou declaración xurada de non ter obriga de facela
- ✓ Certificado do Servizo público de emprego acreditativa de estar en situación de desemprego e de percepción ou non de prestacións.
- ✓ Xustificante das percepcións doutras prestacións sociais, de ser o caso
- ✓ Impreso de domiciliación bancaria, de ser o caso
- ✓ Autorización ao concello de Ferrol a solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria información de natureza tributaria

16. Declaración de Patrimonio. Computarase o patrimonio neto de todas as partes residentes na unidade de convivencia consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, e tendo en conta as excepcións que prevé a dita lei ao respecto da vivenda habitual. Deberá achega Declaración de Patrimonio, certificado da Consellería de Economía e Facenda. Autorizará ao concello de Ferrol a solicitar á Consellería de Economía e Facenda información de dita natureza.

17. As persoas que teñan recoñecida unha discapacidade física, psíquica ou sensorial presentarán o certificado do organismo público onde se recoñeza a citada discapacidade

A maiores, se a persoa ven derivada doutro servizo público acompañará o informe social de dito servizo.

Ferrol,

O/a solicitante do servizo

**Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ferrol**

